

*A terra faise en tí,  
Saleta, sutileza,  
chama apaixonada  
e transparente,  
levidade de neve,  
torrente e forza  
de selva poderosa,  
música de vento  
entre abelairas,  
raio máxico de lúa,  
murmurio de regueiro,  
flor de cerdeira  
ou pinga de orballo  
emocionada, tremendo  
sobor do pálido rubor  
da rosa namorada.*


*Os louxos do Solpor, 1993*

## Ordeamento e axuda



## VIII Certame de poesía en lingua galega

### Manuel María



## Casa de Galicia en Gipuzkoa

## Bases do VIII Certame de poesía en lingua galega

### Manuel María

1- O poema estará escrito en lingua galega e terá un máximo de noventa versos e un mínimo de corenta. Admitiranse conxuntos de poemas de temática similar sempre que non excedan dos cen versos.

2- O poema enviarase nun sobre sen remitente nin indicación algunha referente á personalidade do autor ao seguinte enderezo:

Casa de Galicia en Gipuzkoa  
Certame de poesía Manuel María  
C/Zabaleta, 28 - baixo  
20002 - Donostia/San Sebastián (Gipuzkoa)

Dentro, noutro sobre pechado, figurará exteriormente o primeiro verso do poema e no interior do mesmo sobre constará o nome, enderezo, número do DNI, teléfono e enderezo electrónico do autor. También haberá que cumprir e asinar a folla da LOPD que está no sitio web da Casa de Galicia ([www.casagalicia.org/lopdl-poesia.pdf](http://www.casagalicia.org/lopdl-poesia.pdf)).

3- As obras que se presenten deberán ser inéditas e permitiranse máximo dúas obras por autor.

4- Os poemas enviaranse por quintuplicado sen grampar nin encadernar antes do día 30 de abril de 2023.

5- A organización nomeará un xurado composto por persoeiros relevantes da creación e da crítica e daranse a coñecer no momento de facerse público o fallo do xurado.

6- Os premios fallaranse o 3 de xuño de 2023.

7- Os premios consistirán en:

- 1º premio: 400 euros
- 2º premio: 200 euros
- 3º premio: 100 euros

8- Os premios publicaranse na web da Casa de Galicia en Gipuzkoa unha vez realizado o fallo por parte do xurado. Sempre que sexa posible emitirase en directo o fallo pola rede (Facebook ou Periscope da Casa).

9- O feito de participar supón aceptar a resolución do xurado así como as bases do certame. O xurado poderá declarar deserto algún premio.

10- A Casa de Galicia en Gipuzkoa resérvase os dereitos de publicar calquera dos traballos presentados ao concurso na forma ou no medio que estime axeitado.

11- Non se devolverán os orixinais.